

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 25-10-2023, ditou a resolución con número 2988/2023 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo para a contratación de duración determinada a tempo parcial (7 horas/día) mediante un contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, dun/dunha docente para impartir a acción formativa "Soldadura con Electrodo Revestido e TIG" (Código: 2023/004755; Especialidade: FMEC0110), correspondente ao plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia dirixido a persoas traballadoras desempregadas para os exercicios 2023-2024.

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 2859/2023 de 11 de outubro de 2023 aprobáronse as bases e a convocatoria para a selección de persoal docente mediante o sistema de concurso-oposición libre para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (7 h./día), dun/ha docente para impartir a acción formativa "**Soldadura con Electrodo Revestido e TIG**" (Código: 2023/004755; Especialidade: FMEC0110).

O prazo de presentación de solicitudes, de acordo coa base terceira, parágrafo 3.1 é de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Segundo.- Publicouse o anuncio da convocatoria no BOP núm. 197 de 16/10/2023.

Terceiro.- Rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes e logo de examinar as solicitudes presentadas xunto coa documentación que as acompaña, de conformidade co establecido na base cuarta da convocatoria (*Admisión de aspirantes*), e en uso das competencias legalmente atribuídas,

PROPOÑO:

Primeiro.- Aprobar a **Listaxe provisional** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, no proceso de selección de persoal docente mediante o sistema de concurso-oposición libre para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (7 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa "**Soldadura con Electrodo Revestido e TIG**" (Código: 2023/004755; Especialidade: FMEC0110). Os aspirantes admitidos/as e excluídos/as son os relacionados no **Anexo I**.

Segundo.- Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun **prazo de tres (3) días hábiles** para a emenda das deficiencias que se sinalen. Estas emendas serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.org e na que se incluírá, tamén, a designación nominal do Tribunal, lugar, data e hora fixados para a súa constitución, así como, para o inicio das fases de concurso e oposición.

Terceiro.- Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.carballo.gal) e con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.org.

ANEXO I.

Listaxe provisional de Admitidos/as do proceso de selección de persoal docente mediante o sistema de concurso-oposición libre para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (7 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa “Soldadura con Electrodo Revestido e TIG” (Código: 2023/004755; Especialidade: FMEC0110), correspondente ao plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia dirixido a persoas traballadoras desempregadas para os exercicios 2023-2024.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	FORMOSO CORRAL	JOSE MANUEL	***4477**

Listaxe provisional de Excluídos/as do proceso de selección de persoal docente mediante o sistema de concurso-oposición libre para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (7 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa “Soldadura con Electrodo Revestido e TIG” (Código: 2023/004755; Especialidade: FMEC0110), correspondente ao plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia dirixido a persoas traballadoras desempregadas para os exercicios 2023-2024.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CAUSAS EXCLUSION
1	CERQUEIRO GESTO	CARLOS	***2903**	(1)

Causas de exclusión:

(1) Non acreditar a Capacidade profesional segundo a Base Segunda (Requisitos dos/das aspirantes), apartado 2.2.- Capacidade profesional.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto